



Licenciado en Filloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago e doutor en Estudos Hispánicos pola University College Cork, o noiés **Martín Veiga** (1970) é poeta, tradutor, crítico literario e profesor titular no departamento de Estudos Hispánicos, Portugueses e Latinoamericanos da citada universidade irlandesa, onde tamén dirixe o Centro Irlandés de Estudos Galegos, un dos foros máis dinámicos en canto ao desenvolvemento de actividades de ensino, promoción e investigación arredor da lingua e a cultura galegas no exterior. Precisamente pola continuidade deste seu labor é que Veiga vén de ser galardoado co premio Pedrón de Honra 2017.

As súas abondosas publicacións de carácter académico céntranse principalmente na literatura galega contemporánea –cunha especial atención crítica cara Antón Avilés de Taramancos–, a tradución literaria e a literatura de viaxes no ámbito ibérico.

A súa premiada obra poética, que figura en numerosas revistas, antoloxías e libros colectivos, tanto galegos como de fóra, inaugurouse con *Tempo van de porcelana* –incluído por Avilés de Taramancos na colección ‘Verba que comenza’ en 1990– e foise consolidando con *As últimas ruínas* (1994, Premio Espiral Maior), *Ollos de ámbar* (2005, Premio Esquíó), *Fundaxes* (2006, Premio Fiz Vergara Vilariño) e, no pasado ano, *Diario de Crosses Green*.

#### MILAGRE DE LUZ

*Quen lle dixo que non esta noite ao vento?  
Quen abriu as portas dun alboio de táboas?  
Quen estendeu unha pátina de neve  
sobre os tellados de lousa, nos recantos  
máis escuros dos xardíns traseiros?  
Quen deixou prendida a lúa,  
pendurada no alto coma unha bágua alegre  
entre as torres da igrexa?*

*Quen sentiu  
a respiración vexetal das flores ventureiras  
que ao sol do inverno, ávidas do fulgor do día,  
renden o corazón coma un milagre de luz?  
Quen lles ha pechar ao empardecer os ollos  
sen poñer nas súas pálpebras peniques?  
Quen contempla desde a fiestra o tránsito do río,  
o tránsito da vida que sen pausa recomeza?  
Quen é esa sombra líquida que en silencio  
escorrega furtiva á beira das aceas,  
nos ocos da limacha? Quen soñou o devalar  
das horas, o frío, os rastros do poema?*

## (MARTÍN VEIGA)

Luns 8 de maio  
20:30

ÁGORA

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)

## Poetas Di(n)versos 2017



*Eiléan Ní Chuilleanáin*





Nada en Cork en 1942, **Eiléan Ní Chuilleanáin** é profesora emérita do Trinity College (Dublín) e na actualidade ostenta o cargo estatal de *Mestra da Poesía de Irlanda* por unha tríade de anos, ata 2019. Ten publicado e editado dende artigos académicos ata libros sobre a literatura do Renacemento inglés, sobre tradución e sobre escrita irlandesa tanto en inglés coma en irlandés.

Xunta o seu home Macdara Woods entre outros, fundou en 1975 a revista poética irlandesa *Cyphers*, da que é dende entón co-editora. Ao longo dos seus corenta e cinco anos de carreira publicou oito poemarios, e os seus *Poemas Escollidos* acadaron en 2008 unha edición para Irlanda, outra para os EE.UU. e outra para o Reino Unido. A súa sétima entrega poética, *O peixe lúa*, foi nomeado ao Premio T. S. Eliot e mereceu o Premio Internacional Griffin en 2010; *Os rapaces de Bluehill* (2015) estivo nomeado ao Premio Forward, ao de Poesía actual do *Irish Times* e ao Premio Pigott. Unha plaquette con dez novos poemas acaba de ver a luz co título de *Serenata de Hofstetter*.

Como tradutora, tense ocupado de mulleres poetas de Irlanda (tres libros de Nuala Ní Dhomnaill e un de Máire Mac an tSaoi), de Romanía (dúas obras de Ileana Mălăncioiu) e varias italianas, entre elas Maria Attanasio ou Antonella Anedda.

#### INCIPIT HODIE

para Phoenix, nacido o 18.IV.2013

*Cando caíches na nosa lingua  
coma un peixe na auga,  
non foi de estrañar que a chapuzadura te cegase.*

*nós secamos os ollos  
pero a ti levouche máis tempo,  
salpicouse coma plumas ao teu redor cando intentaches*

*descifrar aqueles rúidos. E  
pouco a pouco a corrente pasou máis calma  
a pesar de que botaches un bo anaco ata confiar nos teus ollos e ouvidos.*

*Como vas agarrarte  
ao correr da auga?  
Pero, mira: aqueles floeos de alí son pelouros e mais peixes.*

*Os peixes andan esvarando,  
a auga está clara e calmada;  
cando procures palabras serán duras coma pelouros na túa man.*

## (EILÉAN NÍ CHUILLEANÁIN)

Luns 8 de maio  
20:30

ÁGORA

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)

## Poetas Di(n)versos 2017



*Martín Veiga*

